



La Región

Domingo, 25 de febrero de 2001

A partires do 28 de febreiro cambiáanse os viais de insulina para os enfermos diabéticos

O cambio non afecta á dose prescrita nin á frecuencia da administración

● Os viais de insulina de 40 unidades internacionais por mililitro serán substituídos polos de 100 unidades internacionais por mililitro, segundo decretou o Ministerio de Sanidade a partir das recomendacións da Organización Mundial da Saúde (OMS) e a Federación Internacional de Diabetes. Sanidade ordenou tamén a substitución das xiringas graduadas que se usan para a administración desta substancia.

CAMPAÑA INFORMATIVA — ●

Evitar confusión entre material antigo e novo

— SANTIAGO ● Axencias

O Ministerio de Sanidade e Consumo, obedecendo as recomendacións realizadas pola Organización Mundial da Saúde e á Federación Internacional de Diabetes, ven de acordar que, o vindeiro 28 de febreiro, se substitúan os viais de insulina de 40 Unidades Internacionais por mililitro, polos de concentración de 100 Unidades Internacionais por mililitro e as correspondentes xiringas graduadas para a súa administración.

Así, a Consellería de Sanidade e Servizos Sociais da Xunta de Galicia ven de establecer as actuacións necesarias para a coordinación de tódolos profesionais sanitarios implicados, coa fin de garantir a correcta implantación do cambio.

Esta conversión só afecta ás persoas diabéticas que utilizan viais de insulina de 40 UI/ml, e non a aquelas que utilizan outros sistemas de administración (plumas, cartuchos), xa que estes dispositivos utilizan insulina de 100UI/ml.

Polo tanto, a partir do día 28 de febreiro do presente ano, as persoas diabéticas a tratamento con viais de insulina só atoparán

insulina en viais de 100 UI/ml e as súas correspondentes xiringas graduadas para esa medida.

As persoas con diabetes deben ter presente que este cambio de concentración dos viais de insulina non modifica, en ningún caso, a dose prescrita (número de unidades), nin a frecuencia da administración, nin o tipo e a marca de insulina que debe inxectarse.

Tres ventaxas claras

Este cambio supón tres claras ventaxas para o paciente. A primeira delas é a disponibilidad de insulinas de igual concentración en calquera país da Unión Europea. A segunda das ventaxas é o menor volumen de inxección para as mesmas unidades, diminuindo a dor asociada, e, en terceiro lugar, o menor volumen de inxección conleva unha maior duración de cada envase de insulina.

Un aspecto moi importante para conseguir esta correcta implantación do cambio é que tódolos axentes implicados, tanto os propios pacentes como os sanitarios, se atopen perfectamente informados.

Levouse a cabo unha ampla campaña informativa, dirixida ós profesionais sanitarios implicados no proceso asistencial do paciente diabético, así como ó público en xeral, e, en especial, ós diabéticos a tratamento con viais de insulina. A información subministrada a estes pacientes foi levada a cabo polos diferentes profesionais sanitarios (médico especialista, médico de atención primaria, farmacéutico, persoal de enfermería), e consistiu nunhas instrucións acompañadas da entrega de documentación (folletos explicativos, etc.), elaborada polo Ministerio de Sanidade e Consumo.

Neste proceso informativo, ó paciente diabético se lle fixo especial incidencia en que non posúa ó mesmo tempo no seu domicilio material de 40 UI/ml e material de 100UI/ml, para evitar posibles confusións. Así, a partir do día 28 de febreiro de 2001, todos aqueles viais de 40UI/ml (utilizados e non utilizados) que teña sobrantes o paciente no seu domicilio, deberá levalos a súa oficina de farmacia no momento de adquirir unha nova receita, e no caso das xiringas que utilizaba con eses viais, deberá levalas o seu centro de saúde.